XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA
DA IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral do Benestar

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

Instrucción para aplicar nos procesos de adopción internacional a partires da data da súa firma.

Con motivo dos últimos casos de familias solicitantes de adopción, nos que concorren por unha banda a tramitación do seu expt de adopción, e por outra un proceso de xestación (embarazos e ou nacementos).

A Secretaría do Benestar a través da súa Subdirección Xeral de Menores infórmalle a esa entidade colaboradora de adopción internacional e a os seus respectivos equipos técnicos das Delegacións provinciais, respecto destes casos o seguinte:

Si no transcurso da tramitación dun expediente de adopción, a familia atopásese cun proceso de embarazo, o primeiro paso da familia deberá ser informar ao seu equipo técnico de referencia, pois o caso de ocultación da información transcendental se considerará grave.

Ante unha situación deste tipo, embarazo ou novo nacemento ou adopción dun menor, o procedemento deberá ser paralizado temporalmente.

Se o expediente fora xa estivese enviado ao país, a Ecai deberá asimesmo paralizar temporalmente o procedemento e non promover a súa asinación de un menor para esa familia.

Transcorridos un mínimo de 9 meses dende o nacemento do fillo ou da integración dun menor en acollemento preadoptivo (adopción nacional), a familia deberá novamente ser reevaluada polos equipos técnicos correspondentes.

A familia deberá novamente ser revalorada cando o menor nacido cumpra como mínimo os 9 meses de idade, e sendo competencia dos equipos de valoración das diferentes provincias reevaluar a nova situación familiar, e continuar co procedemento segundo proceda, se a familia así o desexa e manifesta ou ben proceder ao peche e arquivo, ou incluso proceder a unha non idoneidade segundo cada caso.

Naqueles casos nos que o expediente estaba xa iniciado coa Ecai a familia devengará a entidades os gastos derivados da nova tramitación que fora precisa para a continuidade do proceso.

En Santiago de Compostela, a 17 de febreiro de 2009

A Subdirección Xeral de Menores.

Alberto Tizón Martín

Por Ausencia:

A Xefa de Servizo de Defensa do Menor

Sagrario González Parra